

Memoria xustificativa do acordo de colaboración entre a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración e o Consello da Cultura Galega para a realización de actividades relacionadas coa emigración galega.

A Consellería de Emprego, Comercio e Emigración ten previsto formalizar co Consello da Cultura Galega o acordo de colaboración arriba referido para a realización de actividades relacionadas coa promoción, conservación e recuperación do patrimonio cultural da emigración galega.

A adecuación do instrumento colaborativo vén determinada pola achega de cada parte en canto aos elementos base da súa participación, polas funcións indispensables de cada unha no desenvolvemento dos compromisos e o interese común de ofrecer a realización de actividades relacionadas coa promoción, conservación e recuperación do patrimonio cultural da emigración galega.

Existe converxencia de intereses entre as partes asinantes en orde á consecución do obxecto referido, posto que consideran prioritario desenvolver este proxecto cultural.

O instrumento colaborativo que se pretende asinar fundaméntase en que o Consello da Cultura Galega é unha institución estatutaria, creada ao abeiro do disposto no artigo 32 do Estatuto de Autonomía, mediante Lei 8/1983 do 8 de xullo. Cun carácter de órgano asesor e consultivo, con capacidade de iniciativa, investigación e organización; ao Consello da Cultura Galega compéetelle a defensa e promoción dos valores culturais do pobo galego.

Neste senso, o Consello da Cultura Galega comprométese a:

- a) Destinar o importe do acordo a realizar as actuacións necesarias para realizar os obxectivos do acordo e sufragar ás empresas e profesionais que realicen os traballos necesarios para o cumprimento do mesmo.
- b) Organización de actividades de promoción da emigración galega.
- c) Organización da xornada "Os retornos da emigración galega: unha ollada multidisciplinar".
- d) Documentación e deseño dunha exposición sobre muller e emigración
- e) Difusión das exposicións de temática migratoria promovidas polo Consello da Cultura Galega. Entre os gastos destas mostras inclúense os referentes a traslado, montaxe, inauguración, produción e divulgación.
- f) Localización, inventariado e dixitalización de documentación e publicacións de sociedades de emigrantes galegos, así como doutros fondos documentais relacionados coa emigración galega.



g) Publicación da colección editorial «Clásicos da emigración galega». Nesta colección de libros preténdese rescatar as principais obras literarias publicadas na emigración antes de 1960. Os volumes irán precedidos dun estudo introdutorio.

h) Proxecto memoria gráfica da arquitectura.

i) Que o nome e o anagrama das dúas institucións figuren de maneira visible e teñan un espazo similar en todas as actuacións que se realicen na execución do presente acordo, así como nos medios que se empreguen para a súa difusión publicitaria.

O Consello da Cultura Galega percibirá da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración unha compensación de **cincuenta mil euros (50.000,00€)** con cargo á aplicación orzamentaria 44.05.312C.640.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024.

Polo exposto, tendo en conta os obxectivos pretendidos e que os intereses das partes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente a través da sinatura dun contrato administrativo ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional, e a fin de dar cumprimento ao disposto na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificada a sinatura do acordo de colaboración que se pretende, con exclusión doutras figuras.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

O secretario xeral da Emigración

Antonio Rodríguez Miranda

